



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS E XARDÍNS DE OUTEIRO DE REI 2023.

PRIMERA:

Dentro das actividades de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, dende o Concello de Outeiro de Rei convócase o “II Concurso de Decoración de Nadal de fachadas e xardíns de Outeiro de Rei 2023”.

Premiando a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo.

SEGUNDA:

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás Festas de Nadal. Os e as participantes terán plena liberdade en canto á técnica e estilo de decoración das súas fachadas e xardíns, sempre que a decoración e iluminación non supoña un perigo para os veciños ou viandantes.

TERCEIRA:

A decoración deberá estar instalada e funcionando antes do **10 de decembro**.

No caso de producirse algúun dano do material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición que rematará o **6 de xaneiro**, este será substituído ou retirado, sendo responsabilidade do particular que realizou a montaxe da decoración.

CUARTA:

Poderán participar no concurso todos os veciños e as veciñas censadas no Concello de Outeiro de Rei. Cada unidade de convivencia poderá presentar unha sola folla de inscrición con dúas fotografías coa decoración de Nadal do xardín, fachada, balcón ou fiestras da súa vivenda.

QUINTA:

A inscrición será gratuita. Tendo os participantes que enviar dúas fotos actuais da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico xumentude@concelloodeouteiroderei.org. A foto ten que ser actual, orixinal, inédita e non pode conter persoas. A fotografía non levará marcas de auga.

Neste mesmo correo deben incluír o **Anexo I** cos datos persoais e de localización da vivenda.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 27 de novembro ata o día **15 de decembro de 2023**.

SEXTA:

Outorgaranse seis premios, coa e as seguintes dotacións económica:

Dous premios de: 100€

Dous premios de: 75€

Dous premios de: 50€

SEPTIMA:

O xurado estará composto pola concelleira de cultura dona Begoña Seco Varela e dous vogais que ela designe .

O xurado se así o estima oportuno poderá visitar as vivendas que considere necesario para unha mellor apreciación da decoración.

O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello, antes do 6 de xaneiro.

Os ou as participantes que resulten gañadores/ras autorizan ao Concello de Outeiro de Rei para poder publicar a fotografía da fachada e/ou xardín na páxina web e na prensa unha vez que se coñeza o veredicto do xurado.

OITAVA:

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, para o non establecido nas bases aceptarase o disposto pola Concellería de Cultura.

NOVENA:

De acordo co establecido no Regulamento UE2016/679 de Protección de Datos Personais, informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Outeiro de Rei con enderezo en Praza da Vila, S/N, CP 27150, Outeiro de Rei (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión do II Concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns de Outeiro de Rei 2023 organizado polo Concello.

Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista unha obriga legal para elo.

Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos pódense exercer ante o Alcalde do Concello de Outeiro de Rei.